



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A COMISIÓN ISLÁMICA DE ESPAÑA SOBRE ASISTENCIA RELIXIOSA MUSULMÁ A PERSOAS MENORES E MOZOS/AS INTERNOS/AS EN CENTROS DE INTERNAMENTO PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS PRIVATIVAS DE LIBERDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude declara:

Que a consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Comisión Islámica de España o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Consello Islámica de España para garantir o dereito á asistencia relixiosa dos/as internos/as en centros de reeducación da Comunidade Autónoma de Galicia, que profesen a relixión musulmá.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 45 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores establece que a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas é competencia das Comunidades Autónomas. Ditas entidades públicas levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas nesta lei.

Segundo.-Que lle corresponde á Consellería de Política Social, través de la Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de acordo co establecido no artigo 14 do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Co fin de levar a cabo a execución das medidas privativas de liberdade esta Dirección Xeral dispón dunha rede de centros de internamento constituída polos seguintes centros: centro educativo Concepción Arenal (A Coruña), centro educativo Monteleido (Ourense), centro de atención específica Montefiz (Ourense) e centro educativo Avelino Montero (Pontevedra).

Terceiro.-O artigo 56 da Lei orgánica, 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores establece que todos os menores internos teñen dereito a que se respecte a súa propia personalidade, a súa liberdade ideolóxica e os dereitos e intereses lexítimos non afectados polo contido da condena. Así mesmo, o



dito precepto reconece o dereito dos menores ao exercicio dos dereitos relixiosos que lle correspondan, salvo que fosen incompatibles co obxecto da detención ou o cumprimento da condena.

Pola súa parte o Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica, 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, contempla no seu artigo 39 o dereito do menor á asistencia relixiosa. Todo menor internado terá dereito a dirixirse a unha confesión relixiosa inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas solicitando asistencia relixiosa, e non poderá ser obrigado a asistir ou participar nos actos dunha confesión relixiosa. Así mesmo este artigo dispón que a entidade pública facilitará que os menores poidan respectar a alimentación, os ritos e as festas da súa propia confesión, sempre que elo sexa compatible cos dereitos fundamentais doutros internos e non afecte á seguridade do centro e o desenvolvemento da vida no mesmo.

O/A menor, mozo ou moza que cumpre unha medida de internamento ve restrinxida a súa liberdade ambulatoria, restrición máis ou menos acentuada en función do réxime de internamento de que se trate. Porén o seu ingreso nun centro de internamento non dá lugar a unha privación dos seus dereitos fundamentais que deben ser garantidos pola entidade pública nos termos permitidos polo réxime de vida do centro. Así mesmo, todas as actuacións desenvolvidas no centro deben estar orientadas a preservar o superior interese da persoa menor.

Cuarto.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos comprendidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional que se pretende coa exclusión doutras figuras

E para que conste, asíñase esta memoria.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

